


25 anos andaina



ANDAINA, segundo o dicionario do Isaac Alonso Estravís: *Camiñada. Camiño mui longo. Muito que andar*. E tamén: *Época, período, ciclo. Tempo ou espazo que ocupa a durazón dunha cousa*. E tamén: *Promozón, conxunto dos individuos que chegan ao mesmo tempo ao fin dunha carreira, grau ou emprego*. E tamén: *Xerazón, conxunto dos viventes coetáneos dunha época*. E finalmente: *Conxunto de pezas dunha cousa*.

No caso que nos ocupa tan traballada definición escusaba unicamente a pretendida neutralidade xenérica. A nosa andaina, *Andaina: Revista Galega de Pensamento Feminista* cumpre un cuarto de século sendo todo iso e sendo sobre todo e por riba de todo, *feminina*, só feminina e só en feminino. Desde o inicio e por expresa vontade das fundadoras. A todas e cada unha delas, que non se cuestionaron se querían ou non ser feministas porque era algo que lles viña dado e aos centos de colaboradoras que desinteresadamente teñen traballado con nós, grazas por estes produtivos e fermosos vinte e cinco anos. Para ti, que nos les e apoias asidua e incondicionalmente, vaian as apertas máis sinceras porque nada de todo isto tería sentido sen vosoutras.

Chega o momento de facer un pouco de historia. A nosa camiñada iniciouse aló polos comezos do ano 1983. Tras o pretencioso título *Andaina: Revista do Movemento Feminista - Galicia* vía a luz unha publicación fundamentalmente humilde e voluntariosa. Saía á rúa con apenas seis páxinas, editadas de maneira artesanal e impresas en dúas tintas, unha delas, a predominante, a comprometida cor malva. Non podemos evitar que un sorriso encha a nosa boca ao intuirmos o orgullo que provocaba á saída daqueles números iniciais.

Algunhas cousas non teñen mudado demasiado co paso dos anos. A distribución facíase *a man* e en boa medida segue facéndose así. Levábase ás librarías e comercios aos que ademais, se lles pedía publicidade para axudar a financiar a revista. Alí estiveron a *Librería Paz, Michelena, Abraxas, Couceiro, Radio Piratona* de Vigo, a perruquería de *Marisé*, o *Apolo, Suteca, Sintra roupa e bisutería...* e o *Tarasca*, e o café bar *El Refugio*, e *María Balteira*, e *Carteles Café* e mesmo o grupo de teatro *Trepanoqueiro*. Grazas tamén a todos eles e a outros moitos *Andaina* existía e repartíase nas manifestacións, nos encontros e conferencias, nas máis variadas reunións e actos de mulleres e en toda canta oportunidade ía xurdindo.

Detrás de todo aquilo andaban Begoña, Tareixa Navaza, Ana Gloria Blanco, María Xosé Molina, Elena Cores, Encarna Siota, Sonia Pérez, Lupe Vidal, Ana Arellano, Pili Pérez, Nanina Santos Castroviejo, as mulleres da AGM e por suposto Uqui Permui. Os deseños de Encarna Siota e as colaboracións de Maika Novoa e Elena Cores e tantas e tantas que de seguro esquecemos. Vaian para elas as nosas desculpas anticipadas. Cando se lles pregunta, sorrín e contan que todo se facía de maneira rudimentaria, en bares e casas dunhas e outras. Recorrían tamén ao local de Inzar, na rúa do Hórreo. Non sabían moi ben cómo pero intuían que debían facer algo polas mulleres galegas.

Non lembran onde naceu a idea e non son quen de explicar quen ou cantas eran ao comezo, nin cando ou con que periodicidade se reunían. As respostas son vagas: «Pois, sobre todo... as de AGM», «cando cadraba», «dependía, na casa de Ana, ou na de Nanina ou na de Ana e Begoña». Contan, iso si,

que durante uns meses, moi ao comezo, *Andaina* fíxose na Coruña.

Máis precisa, Uqui Permui relata que cando a AGM de Santiago se fixo cargo da revista empezou a maquetala Nanina e que cando ela chegou a AGM —«unha pimpina de vinte anos»— xa a pillaron por banda. «No MCG tiñan unha mesa de luces e para as imaxes recortabamos mariquiñas doutras revistas. Así fixemos os primeiros números, moi *underground*, case de fotocopia. Ás veces botábannos unha man Nine ou Pili Pérez, pero, en xeral, ventilábanos *Andaina* nunha fin de semana completa —sábado e domingo— pechadas na sede do MCG, por aquel entón un antro un pouco mal visto, de melenudos e barbudos». Ás veces con retraso, pero nunca interrompida, a publicación convértese nunha realidade cuadrimestre tras cuadrimestre.

Andando o tempo, o consello de redacción foi mudando. Incorporáronse Berta Rey, Felicia Estévez, Milagros Becerra, Laura Gómez, Celia Balboa, Ana Luisa Bouza... A esencia e a imaxe de *Andaina* evolucionaron con elas. A mudanza continuou coa chegada dunha presa de rapazas cargadas de ganas e iniciativas: Nadia Fernández, Zélia Garcia, Raquel Barreiro, Saleta de Salvador, Estrela Villaverde, Dalila Dopazo, Iria Vázquez e mesmo eu.

Hogano, cando o actual consello de redacción comezou a preparar esta antoloxía, escolma ou como lle queirades chamar ao libro que tendes na man, (re)descubrimos (inevitabilmente sorprendidas) un total de 72 números, agrupados en épocas claramente diferenciadas. A primeira destas xeiras pechouse co número 24, aló polo mes de xuño de 1991. Vinte dous exemplares máis tarde completábase a segunda época que rematou no número 22, editado en 1998. A seguir, tamén rotuladas como 2ª época, atopamos outras vinte e seis revistas cun formato diferente —o actual— que pechan, até o de agora, a *Andaina*. O inverno pasado saíu á rúa o último número, o 48.

Ao través de todos e cada un destes exemplares, a redacción da revista quixo abordar todo tipo de temas. Algúns seguramente inxenuos, outros antóllansenos agora arriscados e anovadores. Xulgade con nós, que o que queremos con esta escolma é compartir con vós esa pretendida e buscada pluralidade.

Atoparedes nas nosas páxinas entrevistas á mulleres que sufriron violacións ou algún tipo de agresións sexuais, denuncias valentes e sinceras que denotan compromiso coa integridade feminina, política, aborto, divorcio, denuncias de inxustizas laborais, todo ti vo cabida nesta *Andaina* plural. Pasatemplos e horóscopos, sexualidade e identidade sexual, mulleres e problemáticas de países afastados, as amas de casa

e as prostitutas xuntas nas nosas páxinas. A violencia machista, os deportes, a vida de mulleres destacadas, todo tipo de discriminacións, completan ese índice global que aquí presentamos. Por razóns de espazo quedan fóra dos índices dúcias de reseñas de libros e películas, algúns comentarios filosóficos, estudos literarios e mesmo opinións persoais.

Non podemos pechar este escrito sen citar algunhas seccións que desde moi pronto se apropiaron dun espazo fixo na revista. Sucedeu isto coas críticas e comentarios que inda hoxe enchen as nosas páxinas iniciais. Ao lelas agora, coa perspectiva que proporciona o tempo, cremos reflicten unha parte da historia, da nosa historia.

Coa primeira época iniciouse tamén a redacción das contracubertas dedicadas á vida e obra de mulleres que sen dúbida merecían ser destacadas dalgunha maneira. Lou Andreas Salomé, Hannah Arendt, Coco Chanel, Jimena e Elisa Fernández de la Vega, Flora Tristán, Federica Montseny, Emilia Pardo Bazán, e mesmo Mafalda, teñen protagonizado algún número da nosa revista. A primeira delas foi Eude, unha anónima monxa que colaborara no beato de Gerona. Incluímos agora o texto dedicado a esta pioneira xunto a algunhas das outras contracubertas. Estamos seguras de que en conxunto conforman unha senón interesante si bela escolma documental e gráfica.

Como en seguida teredes oportunidade de comprobar na edición facsimilar dos artigos e anacos de *Andaina* recollidos nesta publicación elimínouse a paxinación orixinal na procura de claridade. Para rematar, agardamos que comprendades a mestura de normativas e grallas ortográficas que localizaredes nas páxinas que seguen, son froito da liberdade, diversidade e inexperiencia dunhas mulleres que decidiron unir o seu traballo para evidenciar as inquietudes e preocupacións das mulleres galegas.

E máis nada. Parabéns a todas por estes vinte e cinco anos de andaina de feminista!

Patricia Arias Chachero